

Informe de lectura

1. Datos bibliográficos. Podes usar calquera sistema de uso habitual no ámbito académico, como por exemplo o empregado no artigo que liches para facer a actividade correspondente.
2. Escolle unha das catro seccións das que se compón o libro. Que teñen en común todos os casos? Que chama particularmente a atención do autor neste grupo de pacientes?
3. Dentro da sección que escolliches, escolle algunha patoloxía, síntoma ou fenómeno mental ou neurolóxico da que se fale nalgunha das historias. investiga e explica en que consiste. Por exemplo, no capítulo 15, titulado “Reminiscencia”, fálasenos de reminiscencia, alucinacións experimentais ou ataques no lóbulo temporal.
4. Unha das citas que abren a obra é esta de Ivy McKenzie: “O médico (a diferenza do naturalista) ocúpase... dun só organismo, o suxeito humano, que loita por manter a súa identidade en circunstancias adversas.”

Que pode significar esta frase? A que se refire co termo “identidade”? Que cres que ten que ver co enfoque que adopta o autor á hora de tratar de comprender e axudar aos seus pacientes?
5. O autor cóntanos no prefacio que o trato con persoas que por motivos diversos viven vidas extraordinarias lévaa a pensar en cousas nas que doutro xeito non pensaría. É dicir, o extraordinario amósalle algo sobre o ordinario, sobre a vida e a experiencia das persoas en xeral. Que che ensina a ti esta obra sobre o que significa vivir e experimentar o mundo como un ser humano?